



Concello de Vilaboa

Expediente núm.: 939/2024

Procedemento: Contrato simplificado sumario. Mellora de camiños municipais en Pazos (Sto. Adrán de Cobres) - PLAN MARCO 2024-2025

PROVIDENCIA DE ALCALDÍA

Por Resolución da Alcaldía 2024-0347 do 8 de maio, aprobouse o Proxecto de Mellora de camiños municipais en Pazos (Sto. Adrán de Cobres) PLAN MARCO 2024-2025, redactado polo arquitecto municipal o 23/02/2024 co CSV: AH54YJ3WKMSK4MTXDAATDN6N9, cun orzamento de 48.074,39 € (IVE 10.095,62 €) o que fai un total de 58.170,01 euros IVE incluído.

De conformidade co establecido na Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014,

DISPOÑO

PRIMEIRO. Iniciar o expediente para a contratación descrita nos antecedentes mediante procedemento aberto simplificado sumario.

SEGUNDO. Xustificar a celebración do contrato do Mellora de camiños municipais en Pazos (Sto. Adrán de Cobres) - PLAN MARCO 2024-2025, xa que o estado actual da vía é moi deficiente, cun deterioro acusado do acabado do asfalto, dando lugar ao depósito de auga de choiva, motivado ademais pola ausencia e/ou mal estado da rede de canalización de augas pluviais.

Ao non dispoñer de medios materiais e persoais para levar a cabo tal fin queda acreditado que a contratación mediante un contrato de obras é a forma máis idónea e eficiente de levar a cabo os fins do Concello.

TERCEIRO. Ordenar a redacción dos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que deben rexer o contrato e o proceso de adxudicación.

CUARTO. Que se emita Informe de Secretaría e de fiscalización de Intervención

QUINTO. Dar conta de todo o actuado a esta Alcaldía para resolver o que proceda.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Concello de Vilaboa

C/ Toural, 1, Vilaboa. 36141 (Pontevedra). Tfno. 986708215. Fax: 986708387

